

Concello de Covelo

DECRETO DA ALCALDÍA

Dentro do programa de Actividades Culturais que o concello ten previsto realizar no presente ano 2021, se pretende levar a cabo dous concursos: Concurso de Debuxo e Concurso de Fotografía. Para o desenvolvemento destas actividades e en uso das facultades que me confire a lexislación vixente, RESOLVO: APROBAR AS SEGUINTE BASES:

X CONCURSOS FESTAS PATRONAIS 2021 SÁBADO 31 DE XULLO

BASES E CONVOCATORIA QUE REXERÁN OS X CONCURSOS CON MOTIVO DAS FESTAS PATRONAIS 2021

CONCURSO INFANTIL DE DEBUXO E CONCURSO DE FOTOGRAFÍA

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto desta convocatoria, o fomento da participación dos veciños e veciñas en actividades de índole artística, creativa, de lecer e entretemento, nos actos programados co gallo das Festas Patronais 2021, a través da participación no:

- ✓ CONCURSO INFANTIL DE DEBUXO
- ✓ CONCURSO DE FOTOGRAFÍA

2. CRÉDITO ORZAMENTARIO

Destínase un crédito máximo de 250 € que se imputará á partida 338,22699 do orzamento de gastos do ano 2021, para os premios dos gañadores dos distintos concursos programados co gallo das Festas Patronais 2021.

3. PARTICIPANTES

Poderán participar todas as persoas interesadas.

Quedan excluídos do concurso calquera empregado do concello, pero non os seus fillos, xa que se considera que os/as nenos/as non teñen por que verse afectados. Así mesmo, tamén quedan excluídos os familiares directamente relacionados co xurado (fillos ou parella).

A participación nestes concursos supón a plena aceptación das presentes Bases e a conformidade coas decisións do xurado.

4. INSCRICIÓNS

O prazo de inscrición e presentación dos debuxos e fotografías abrirase no momento da publicación das Bases e rematará ás 13:30 horas do día 30 de xullo de 2021. Os debuxos e as fotografías deben **presentarse** na Biblioteca Municipal.



Concello de Covelo

5. REQUISITOS

Concurso Infantil de Debuxo

Os participantes deberán realizar un debuxo, de tema LIBRE, que deberá presentarse nun papel ou cartolina tamaño folio.

No reverso da cartolina ou folio, deberán figurar: o nome e apelidos do autor e o curso escolar que fixo este ano. Estes datos non serán utilizados para ningún fin alleo ó concurso. No momento do concurso a organización poralle un número identificativo a cada debuxo presentado, que será o que miren os xuíces. Só se admitirá un debuxo por neno/a.

Concurso de Fotografía

Presentación das fotografías: fotos a cor ou en branco e negro, de tema LIBRE. Poden ser impresas en papel fotográfico ou en papel normal. O tamaño da foto será libre. Cada participante poderá presentar un máximo de dúas obras.

As fotos serán presentadas baixo un lema escrito no respaldo da fotografía, e sen datos do autor.

Irán acompañadas dun sobre pechado, e no exterior deste figurará o mesmo lema que o das fotografías e no interior do sobre depositarase unha nota, co nome, apelidos e domicilio do autor.

As fotos e os sobres cos datos, meteranse nun sobre onde por fora indique a categoría.

6. DESENVOLVEMENTO DOS CONCURSOS

Celebraranse o sábado 31 de xullo ás 20:00 horas na Praza do Mestre Cerviño (Covelo), onde se exporán os debuxos e as fotografías presentados.

7.COMPOSICIÓN DO XURADO

O xurado será común aos dous concursos e estará formado por diversas persoas cualificadas para exercer esta función, en número impar, presidido polo Alcalde, e actuando como secretaria, a xuíza de paz do concello de Covelo.

Vogais:

- Un/unha pintor/a
- Un/unha fotógrafo/a
- Un/unha técnico/a en turismo

8.CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO XURADO

Concurso Infantil de Debuxo

O xurado valorará a creatividade e a orixinalidade das obras, de 1 a 10 puntos.

Concurso de Fotografía

O xurado considerará, prioritariamente a creatividade, o vigor da imaxe gráfica, a idoneidade do traballo e a sintonía co espírito do nos medio rural, valorando de 1 a 10 puntos a calidade, e de 1 a 10 puntos a orixinalidade.

O fallo do xurado levarase a cabo o mesmo día do concurso, onde se terán expostas as obras presentadas.

Concello de Covelo



Concello de Covelo

O xurado reservase o dereito de declarar deserto algúns dos premios, por falta de asistencia de participantes ou que estes non se axustaran ás bases do concurso.

9.PREMIOS

Concurso Infantil de Debuxo

Estableceranse dúas categorías de participantes, dependendo do curso que rematasen:

1ª Categoría: nenos/as de 3 anos a 2º curso de primaria.

2ª Categoría: nenos/as de 3º a 6º curso de primaria.

Os premios para cada categoría consistirán nun cheque agasallo de material de debuxo e escolar, valorado en 50€ e un diploma.

Todos os participantes presentes serán agasallados cunha bolsa de chucherías.

Concurso de Fotografía

Establécense dúas categorías de participantes cos seguintes premios:

1ª Categoría: de 18 anos en diante cun cheque agasallo de 100€ e un diploma.

2ª Categoría: de 13 a 17 anos cun cheque agasallo de 50 € e un diploma.

Os premios faranse efectivos no momento do fallo do xurado. O premio, só se entregará se o premiado está presente; de non estar presente, o premiado será o seguinte na puntuación, salvo enfermidade, caso no que o poderá recoller o pai, nai ou titor/a legal.

Os premios non se darán en metálico senón en formato cheque-agasallo que se poderán trocar en calquera establecemento comercial situado dentro do termo municipal do Concello de Covelo, ata o 30 de novembro de 2021 previa autorización da Intervención do Concello. Soamente nun único establecemento, excepto no caso do material de debuxo.

Cando a persoa teña decidido onde vai a realizar o troco do cheque-agasallo deberá comunicalo na Intervención do Concello para que a persoa responsable autorice ese gasto e se poña en contacto co establecemento para comunicarlle os datos da persoa premiada xunto co importe do gasto. Este gasto deberá ser exactamente igual que o importe do premio.

10.RESPONSABILIDADE E PROPIEDAD INTELLECTUAL

A organización non se fai responsable dos extravíos ou danos que poidan sufrir as obras presentadas ó concurso.

Os gañadores dos premios correspondentes cederán ó Concello de Covelo a propiedade das obras. Ó mesmo tempo, mediante o premio, o Concello de Covelo adquire, en exclusiva e no ámbito mundial, todos os dereitos económicos da propiedade intelectual inherentes á obra premiada e poderán libremente e sen pago de mais prezo, proceder á reprodución, distribución, comunicación pública e transformación durante o prazo sinalado polo artigo 26 do Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, tendo dereito a expresar a obra por calquera medio ou soporte tanxible ou intanxible, actualmente coñecido ou que se invente no futuro.

O Concello de Covelo, gardase o dereito de quedarse e utilizar os debuxos e as fotos que deste concurso se deriven para uso exclusivo de promocións turísticas ou culturais.



Concello de Covelo

11. PUBLICIDADE

As bases e a súa convocatoria publicaranse no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Covelo.

Covelo, na data que figura na marxe.

O ALCALDE

A SECRETARIA

Asdo. Juan Pablo Castillo Amigo

Asdo. M^a Jesús Rodríguez Freire

(Documento asinado electrónicamente)

